

TEORÍA FICCIONADA DO POUCO MÉRITO CONCEDIDO A UNHA PONTE*

Estes feitos dos que lles vou facer partícipes a vostedes ben puideron ter acontecido na Auria. Sucederon nunha vila de tamaño medio que podería ter sido Macondo, Ébora, Arcadia, Quintela do Pombal ou calquera que a vostedes, polas súas experiencias, lles deixaran no maxín unha pegada especial. Os artífices foron dous personaxes: Bouvard e Pécuchet. Dous homes entregados ás necesidades alleas e fieis defensores das causas nobres e xustas.

A vila onde vivían estaba fendida ao medio por un río caudaloso e rico que separaba á poboación da parte alta e á poboación da parte baixa. Un día os dous personaxes decidiron que a vila necesitaba unha ponte para unir ambas partes. Estudaron de xeito autodidacta uns aborrecidos atados de papeis sobre enxeñería de camiños, portos e canles, deseñaron, debuxaron, discutiron, pelexaron (entre si). Horas de insomnio, canseira, desazo, fastío. Fixeron un cursiño do



Inem de construción de pontes, un cursiño de milleiros de horas, quitaron o carné de condutor de camións de grande tonelaxe, fixéronse oficiais de primeira en masa, cemento e formigón. E a obra comezou. Teoría e práctica. Proxecto e resultado.

Bouvard e Pécuchet levaron un traballo difícil de asimilar por calquera humano medio. Emocionáronse, verteron no proxecto a súa ilusión, os seus novos coñecementos adquiridos e as súas bágoas. Estiveron a punto de acadar un par de rupturas conxugais e familiares por tanta absorbencia que lles produciu a encomenda... ate que anos máis tarde a parte alta da cidade e a parte baixa estiveron por fin unidas por medio dunha ponte sobria, concibida e fabricada exclusivamente por Bouvard e Pécuchet, pero inaugurada só polo inchado dirixente local do momento.

As xentes comezaron a facer uso indiscriminado da ponte; ora arriba ora abaixo, meténdose eles e elas, metendo carros tirados por bestas, vehículos grandes, pequenos e medianos, cheos de cousas servibles e inservibles, e servíndose dela ao cen por dez mil. Ningún dos seus usuarios e usuarias se parou nunca a pensar no ben que lles viña na vila unha ponte coma aquela; nin a considerar o terrible sacrificio que a obra supuxera para Bouvard e Pécuchet. Ninguén se acordou máis destes adaís do sacrificio mundano... até un tempo despois, cando os nosos dous aplicados e modélicos humanos levaban mortos anos e anos. A ponte non resistiu o envite dunha crecida do río (aínda que era menos caudaloso e rico que antes) e se veu abaixo, desaparecendo os seus vestixios baixo as augas. Os oriúndos non tardaron en botar as súas linguas afiadas e procaces para criticar a mala construción que fixeran aqueles dous “desgraciados”

cuxos nomes eran tan difíciles de pronunciar que se quedaron na categoría de “dous desgraciados”. Incluso se creou un «*comité cidadán en favor da defensa dos dereitos pero non das obrigas dos eminentes e dignos habitantes da vila*» para facer un contencioso en contra dos descendentes de... de... Bou...vard e Pé...cu...chet, hedonistas, todo sexa dito de paso, que, ante o descoloque que lles produciu a demanda, non paraban de dicir entre eles e en *petit comité* e completamente indefensos e chorosos: *¡qué mala es la gente! ¡qué mala es la gente!*; uns descendentes que tamén fixeran uso da ponte a diario até o seu derrube de pura inclemencia meteorolóxica. Uns descendentes hedonistas aos que sempre lles custara honrar a memoria dos case heroes PÉCUCHE'T e BOUVARD. En fin.

P.D: o interpretador ousado e imparcial poderá cambiar a palabra ponte por moitas outras cousas.

*Dedicado ao meu bo amigo Bruno Hernández del Río e ao seu “Catálogo de Referencias”.

*Un contacontos baseados
en feitos reais*

JORGE EMILIO BÓVEDA